



As medidas de seguridade son sempre moi importantes.

## As empresas construtoras

### 91. Que son?

Son as encargadas de realizar as obras de reforma ou construción de edificios, conforme ao proxecto realizado polo arquitecto ou o aparelador. Se desexamos facer unha obra, debemos contratar o servizo dunha destas empresas e convir con ela o prezo da obra que queremos realizar. O contrato de obra é unha garantía para ambas as partes e evítaranos sorpresas desagradables e malos entendidos no transcurso da obra.

### 92. Son todas iguais?

Non todas teñen a mesma capacidade e os mesmos recursos. Desde as grandes empresas, capaces de contratar a construción dun aeroporto, á empresa familiar, na que o seu propietario adoita ser á vez o encargado da execución de partes da obra, debemos escoller aquela que mellor se adapte ao tamaño e características da obra que queremos realizar.

### 93. Cal elixir?

É importante que a empresa posúa as autorizacións legais para realizar obras, é imprescindible que teña os seus obreiros asegurados e dados de alta na Seguridade Social, e aconsellable que poida demostrar a súa experiencia no tipo de obra que queremos contratar. Hai empresas especializadas en determinados traballos que realizarán con maior acerto as tarefas propias da súa especialidade. Cando pedimos ofertas, debemos saber que o prezo máis baixo non sempre é o máis interesante.